

Información de interese para Solicitudes de Socios da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria

Dacordo co establecido nos Artigos 4 e 5 do Título II dos Estatutos da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria, e que abaixo se recollen, para que unha persoa sexa Socia da SGXX ten que presentar a solicitude, pagar a cuota, xuntar un Curriculum vitae que acredite o seu interese ou adicación o eido científico ou profesional xerontolóxico, ir presentada por dous Socios de alomenos 4 anos de antigüidade, e ser aprobada Solicitude pola Asamblea da Sociedade.

A Asamblea Ordinaria da Sociedade faise coincidir normalmente co Congreso Anual da Sociedade, polo que unha solicitude de Socio non se fará efectiva de pleno dereito ate que a Asamblea a aprrobe. Mentras iso non ocorra serían "pre-socios", e non son socios, cuestión que parece importante clarear, acorde os dereitos que determina ser socio da Sociedade.

A proposta firmada dos dous Socios que se precisa, segundos Estatutos da Sociedade, farase directamente polo Presidente e O Secretario da Sociedade, según se aprobou na Asamble Xeral de 2016, unha vez recibida toda a Documentación que se cita:

- Impreso cuberto de Solicitude de Socio
- Xustificante de ter xa pagada a cota de 2017 ou do ano no que solicite ser Socio
- Curriculum Vitae da persoa solicitante

Para o caso de non ser aceptada a persoa como Socia, seralle devolta cota previamente pagada.

Estatutos da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria. Extracto sobre Socios:

Título II

Dos socios: deberes e dereitos

Artigo 4.º Os socios poden ser de número, corresponsais de fora de Galicia e de honra.

Artigo 5.º Para ser socio de número requírese:

a. Demostrar se realiza algunha actividade profesional ou voluntaria en relación coa asistencia ó ancián, estudio ou educación xerontolóxica: licenciados en Medicina, Psicoloxía, Bioloxía, Farmacia, Dereito, Arquitectura, Filosofía, Diplomados en enfermería, Traballo Social, Fisioterapia, Educación física, Terapia Ocupacional, titulados en Xerocultura, animación socio-cultural e actividades afíns.

Ser proposto por dous socios de número que leven mais de catro anos pertencendo á Sociedade, facendo a solicitude en impreso especial da mesma no que deberá expresa-lo seu curriculum de estudos, dedicación profesional ou de voluntariado en actividades xeriátricas ou xerontolóxicas.

Santiago, Xaneiro de 2017